

TAREIXA NAVAZA, XORNALISTA

“As voces da miña época estamos no subconsciente de moita xente”

04.06.2006

Fonte: <http://www.elcorreogallego.es/indexSuplementos.php?idMenu=17&idNoticia=51538>

[data descarga 11-9-2012]

Chamaron “terrorista” na prensa cando retransmitiu a chegada dos restos de Castelao a Santiago, con carga policial incluída. Eran tempos nos que a sociedade valoraba o papel dos xornalistas e estes se sabían garantes da liberdade de expresión

MANUEL DARRIBA



Tareixa Navaza realiza na actualidade o programa 'Arredor de Nós'
FOTO: Transmedia

Nada en Santiago, en plena praza de Mazarelos, a profesión de seu pai – militar– levouna na infancia a unha Ibiza hippie e luminosa pola que vagaban Romy Schneider ou Antonio Molina. "Eu creo que me marcou moito o ambiente de liberdade e respecto desa illa", afirma sorrinte.

¿Que leva a unha estudante de Dereito de Compostela ao mundo da radio?

Ah, xa estaba na radio antes de empezar a carreira. Entrei con 16 anos. Eu era moi radiofónica, na casa sempre estaba escoitando a SER daquela época: Teatros en el aire, Matilde, Perico y Periquín... Un día escoitei que necesitaban unha locutora e pedílle a miña nai que me acompañara ás probas a Radio Galicia, na praza da Universidade. E empecei a traballar alí. Imaxínate, os meus pais íanme buscar pola noite, cando pechaba a emisora.

Cústame moito imaxinarte facendo Los 40 Principales.

¡Ai, si! (Risas). ¡Pois con moita marcha! O que pasa, ¿sabes?, é que eu facía unha trampa, porque estar desde as catro ata as oito poñendo Los 40 "podíame". E o que facía era poñer unha hora ou hora e pico esas cancións e logo as cancións que me gustaban: de cantautores latinoamericanos, europeos...

Empezaches na delegación territorial de Televisión Española no ano 73.

O centro creárase no ano 71 para mandar imaxes do Celta e do Deportivo a Madrid, con Luis Mariñas de delegado. O pai de Luis, Enrique Mariñas, era daquela director de Radio Nacional de España na Coruña e foi o que me falou da tele. E estrañeime: "¿Pero hai tele aquí?" "Si, home, está o meu fillo e tal...". En Madrid soáballes da radio e fixéronme unha proba. Empecei con Luis e ao pouco tempo apareceron Palmeiro, Perfecto Conde... Eramos dez persoas no centro e con moitísima dignidade facíanse debates, entrevistas, informativos... Foi unha época moi ilusionante.

¿En que momento entra o galego na Televisión Española en Galicia?

Pois eu creo que ao pouco tempo. Fíxate que eu teño entrevistas desa época con Paco Vázquez. ¡Falaba galego, eh! Aquí rinse moitísimo cando as ven. Eu creo que xa no 74 se facían cousas en galego.

¿E ti, a nivel persoal, cando te empezas a sentir comprometida co idioma?

Mira, eu era castelanfante de toda a vida. Na radio tiña un director que estaba no estudio co látego e dicía: "¡Hábleme usted como si fuese de Burgos o de Valladolid!" Ricardo Carvaho Calero, nunha entrevista que

Ile fixen, insistía na importancia de lanzarse a falar en galego nos medios de comunicación, aínda que se cometesen moitos erros. Os profesores Rosario Álvarez e Francisco Fernández Rei, que creo que naquel momento estaban empezando os traballos do Atlas Lingüístico de Galicia, estaban superocupados, pero con moitísima xenerosidade déronme clases de galego. Eu sempre me sentín comprometida con Galicia, e parecíame que os que traballabamos nos medios debíamos pelexar para que souberan no resto do Estado o que acontecía aquí. E cando a reconversión naval, ¿como non ías ceder cando che pedían que leses os comunicados?

Precisamente, ti falas de dous momentos problemáticos na túa carreira: a reconversión naval e a chegada dos restos de Castelao a Galicia.

Na época da chegada dos restos de Castelao dirixía o centro territorial Alexandre Criebeiro. Eu estaba nunha unidade móbil diante do Museo do Pobo Galego. A min Criebeiro dixérame: "Di o que queiras", e o máis oportuno pareceume seleccionar fragmentos do *Sempre en Galiza*, sobre a Galicia que quería Castelao, e algunhas historias que Paz Andrade contaba no libro Castelao, entre luz e sombras. Lembro que Uxío Novoneyra... (risas)... me abriu a porta do furgón e deixoume un poema que acababa de escribir a man, case non se entendía a letra, para ver se o podía ir metendo. A Criebeiro aquilo custoulle o posto. Cando a carga policial, un delegado do Goberno ordenoulle cortar a retransmisión e el negouse. E eu seguí co meu, dicindo que aquelas imaxes xa practicamente non necesitaban comentario. Ao día seguinte, un columnista escribiu nun xornal: "Una terrorista transmitió la llegada de los restos de Castelao".

¿A partir de entón ti arrastras a etiqueta de roxa...?

De todo, de todo. Cando a reconversión naval, cando Vigo e Ferrol se xuntan e veñen en manifestación ao Obradoiro, todos –asociacións, partidos, sindicatos...– pídenme que eu lea o seu comunicado. Eu daquela presentaba un telexornal. Cando cheguei ao traballo o luns dixéronme que non se podía criticar nin o PP nin o PSOE, e que deixaba de presentar. Encheuse isto de cartas, aínda teño unha carpeta tremendo de telegramas. Lembro os sindicatos dicindo: "Poñan á Navaza no sitio ou queimámoslles o chiringuito". Houbo tanta presión que me volveron poñer. (Risas).

¿Ata que punto un periodista debe ter unha militancia política expilícita?

Eu creo que un periodista non é un marciano metido nunha burbulla. A min rebéntame a xente que di que é apolítica. Creo que apolítico non é ninguén, outra cousa é que pertenzas ou non a un partido. Un periodista pode estar en política sempre e cando non varra para a casa, ignorando os demais ou criticando sen motivo. E se nun tema hai cinco persoas que opinen diferente, darlles oportunidades de explicarse e que logo o lector ou o oínte se faga unha composición da historia. Teño comprobado que os que din que son apolíticos sempre son políticos dunha tendencia e tentan machacar os demais. Eu teño sufrido aquí que se non caes ben non traballas, non tes plus...

As túas épocas duras en TVE.

Si, tiven épocas moi duras, de estar polos corredores lendo xornais e libros. Ao principio entrábame unha cousa moral, de pensar que cobraba unha nómina por non facer nada. Pero dixen: Deus, se non fago nada non é porque non queira, senón porque non me deixan. Superei iso e dedicábame ás miñas cousas: ao cine, ao teatro, aos concertos, aos libros... Pero non podoo negar que foi unha etapa durísima.

Agora estás máis activa.

Fáltame pouco para xubilarme, polo expediente de regulación de emprego que van facer en RTVE, e estou facendo o programa de entrevistas *Arredor de Nós*. Xa emitín nove programas e vou emitir outros cinco no mes de xuño, todos os xoves de dúas e media a tres. Empezo con Fernández Albor e remato con Fernández del Riego. O problema é facerlles unha entrevista de a penas media hora a persoas cunha vida tan rica.

¿Es consciente de que a túa voz está na memoria colectiva de varias xeracións?

Siiiiiiii. Hoxe sería impensable, porque hai tantas cadeas, tantas voces... Pero naquel momento chegaba a Galicia unha soa televisión. Eu recoñezo que os desa época estamos no subconsciente de moita xente. Ao mellor entro nunha tenda, en calquera sitio de Galicia, e entón míranme e din: "Hui, esa voz". A min asómbrame, agora practicamente non saio e a xente ségueme lembrando.